

6.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 9: Que drama!

Actividade 1

Enunciado: Escribe cada palabra no lugar que lle corresponde.

door chat provinza escáner
intranet favorecer capiduo chip

Neoloxismos	intranet, chat, escáner, chip.
Arcaísmos	door, favorecer, provinza, capiduo.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Diferencia perfectamente os neoloxismos dos arcaísmos.	Diferencia con bastante exactitude neoloxismo e arcaísmos.	Diferencia de xeito deficiente os neoloxismos dos arcaísmos.	Non diferencia os neoloxismos dos arcaísmos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica neoloxismos e arcaísmos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 2

Enunciado: Que diferenza existe entre un neoloxismo e un arcaísmo?

Que os neoloxismos son palabras novas dunha lingua e os arcaísmos son palabras que xa non se usan.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Expón correctamente contidos referidos aos neoloxismos e arcaísmos.	Expón con bastante exactitude contidos referidos aos neoloxismos e arcaísmos.	Expón de xeito deficiente contidos referidos aos neoloxismos e arcaísmos.	Non é quen de expoñer contidos referidos aos neoloxismos e arcaísmos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica neoloxismos e arcaísmos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 3

Enunciado: Atopa os erros das oracións e volve escribilas de xeito correcto.

- A sr^a María estivo falando co Director do museo o Luns.

A Sr.a María estivo falando co director do museo o luns.

- A revolución francesa produciuse a finais do Século XVIII.

A Revolución Francesa produciuse a finais do século XVIII.

- En ourense celebran a festa dos maios a comezos de Maio.

En Ourense celebran a Festa dos Maios a comezos de maio.

- O sol sae polo Leste eponse polo Oeste.

O Sol sae polo leste eponse polo oeste.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Avalía correctamente o uso das maiúsculas e minúsculas nun texto.	Comete dous erros á hora de avaliar o uso das maiúsculas e minúsculas nun texto.	Incorre en tantos erros como acertos á hora de avaliar o uso das maiúsculas e minúsculas nun texto.	Incorre en máis erros que acertos á hora de avaliar o uso das maiúsculas e minúsculas nun texto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto de forma fluída.

Coñece e aplica as regras de uso das maiúsculas e minúsculas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e matemáticas

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 4

Enunciado: Subliña os complementos directos das oracións.

- Ten un lapis novo na mochila.
- O sábado invitei a Antía á miña casa.
- Onte esquecín o abrigo na casa da avoa.
- Pedro, pon os pratos na mesa!

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os complementos directos presentes nas oracións.	Comete un erro na identificación dos complementos directos das oracións.	Comete dous erros na identificación dos complementos directos das oracións.	Non reconece os complementos directos das oracións.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e diferencia os complementos directos e indirectos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 5

Enunciado: Completa as oracións cun complemento e di se é directo ou indirecto.

Resposta libre.

Todos os complementos que se formen serán directos.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Diferencia correctamente o complemento directo do indirecto.	Comete un erro á hora de diferenciar o complemento directo do indirecto.	Comete dous erros á hora de diferenciar os complementos directos dos indirectos.	Comete máis de dous erros no momento de diferenciar os complementos directos dos indirectos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e diferencia os complementos directos e indirectos.

Competencias clave

Competencias en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 6

Enunciado: Indica os complementos **directos** e **indirectos** destas oracións.

- A tía deixou **un recado** **para ti**.
- Solicitamos **unha pista deportiva** **ao concello**.
- A mestra felicitou **aos nenos**.
- Preguntou **a Pedro** rapidamente.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica e diferencia os complementos directos e indirectos.	Case sempre identifica e diferencia os complementos directos e indirectos.	De cando en vez, identifica e diferencia os complementos directos e indirectos.	Non identifica nin diferencia os complementos directos e indirectos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e diferencia os complementos directos e indirectos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 7

Enunciado: Onde non se emprega maiúscula inicial? Subliña a resposta correcta.

- Nos nomes de institucións.
- Nos nomes de títulos nobiliarios.
- Nos nomes das estacións do ano.
- Nos nomes de etapas da historia.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece perfectamente as regras de uso das minúsculas.	Coñece, con bastante exactitude, as regras de uso das minúsculas.	Coñece, de xeito deficiente, as regras de uso das minúsculas.	Non coñece as regras de uso das minúsculas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega correctamente as minúsculas nos seus escritos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 8

Enunciado: Escribe catro características do conto.

É unha narración completa con inicio, nó e desenlace. Desenvolve unha soa acción que transcorre nun tempo determinado. Ten un sentido instrutivo, intenta aconsellar ou presenta unha maneira de actuar ou ver a vida. Utiliza unha linguaxe coloquial. Moitas veces os protagonistas son animais. Con frecuencia, o protagonista máis débil válese duna astucia ou dun engado para burlar ao máis forte. Predomina a narrativa con diálogo

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe con total éxito as características co conto.	Escribe con bastante éxito as características co conto.	Escribe con algunha dificultade as características co conto.	Non escribe as características do conto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Recoñece os contos e as súas características.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 9

Enunciado: Fíxate na ilustración e relata un feito relacionado con ela.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Relata, correctamente, por escrito, feitos coesionando as ideas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Relata, con bastante corrección, por escrito, feitos coesionando as ideas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Relata, con dificultade, por escrito, feitos coesionando as ideas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Non é quen de relatar, correctamente, por escrito, feitos coesionando as ideas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Relata feitos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencias sociais e cívicas

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 10

Enunciado: Escribe un exemplo de diálogo en estilo indirecto.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica e escribe correctamente diálogos en estilo indirecto.	Identifica e escribe con bastante corrección diálogos en estilo indirecto.	Cústalle identificar e escribir con corrección diálogos en estilo indirecto.	Non é capaz de identificar nin escribir diálogos en estilo indirecto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica diálogos en estilo indirecto e escríbeos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en aprender a aprender

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 11

11. Escribe cinco neoloxismos que aparecen no texto.

O ordenador é unha máquina que realiza cálculos e controla operacións en termos lóxicos e numéricos. É un sistema dixital con tecnoloxía microelectrónica. A súa estrutura inclúe: microprocesador, memoria e dispositivos de entrada-saída, xunto aos buses que permiten a comunicación entre eles. En resumo, o ordenador é unha dualidade entre hardware e software.

Os primeiros ordenadores son de comezos do século XX. Durante a II Guerra Mundial, un grupo de científicos e matemáticos do norte de Londres creou o que se considera o primeiro ordenador dixital totalmente electrónico.

WIKIPEDIA

Ordenador, microelectrónica, microprocesador, buses, hardware.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Le un texto de forma fluída e localiza nel todos os neoloxismos que contén.	Le un texto de forma fluída e localiza nel case todos os neoloxismos que contén.	Le un texto de e localiza nel a metade dos neoloxismos que contén.	Le un texto con dificultade e localiza menos da metade dos neoloxismos que contén.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto de forma fluída.
Obtén información dun texto.
Identifica neoloxismos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia en conciencia e expresións culturais
Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 12

**Enunciado: Que diferenza existe entre un neoloxismo e un arcaísmo?
Escribe dous exemplos de cada.**

Os neoloxismos son palabras novas da lingua e os arcaísmos son termos que non se usan. Resposta libre para os exemplos.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Apoiándose en exemplos, explica, perfectamente as diferenzas entre un neoloxismo e un arcaísmo.	Apoiándose en exemplos, explica, con bastante corrección, as diferenzas entre un neoloxismo e un arcaísmo.	Apoiándose en exemplos, cústalle explicar as diferenzas entre un neoloxismo e un arcaísmo.	Apoiándose en exemplos, non é quen de explicar as diferenzas entre un neoloxismo e un arcaísmo.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica neoloxismos e arcaísmos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 13

Enunciado: Explica o porqué do uso das maiúsculas iniciais do texto.

Ao comezo de escrito e despois de punto, para indicar un feito histórico, nas letras dos números romanos e no nome propio.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica a regra empregada para o uso das maiúsculas nun texto.	Case sempre identifica a regra empregada para o uso das maiúsculas nun texto.	Cústalle identificar a regra empregada para o uso das maiúsculas nun texto.	Non identifica a regra empregada para o uso das maiúsculas nun texto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras de uso das maiúsculas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 14

Enunciado: En que outros casos, ademais dos do texto se usa a maiúscula inicial?

Nas formas abreviadas de tratamento, títulos de obras literarias e artísticas, títulos de xornais, nomes de institucións.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece perfectamente as regras de uso das maiúsculas.	Coñece, con bastante exactitude, as regras de uso das maiúsculas.	Coñece, de xeito deficiente, as regras de uso das maiúsculas.	Non coñece as regras de uso das maiúsculas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras de uso das maiúsculas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 15

Enunciado: Existe no texto algún diálogo en estilo indirecto? Por que?

Non. Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece perfectamente as características dos diálogos en estilo indirecto e os identifica nos textos.	Coñece, con bastante exactitude, as características dos diálogos en estilo indirecto e os identifica nos textos.	Coñece, de xeito deficiente, as características dos diálogos en estilo indirecto e os identifica nos textos.	Non coñece as características dos diálogos en estilo indirecto nin os identifica nos textos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica diálogos en estilo indirecto e escríbeos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 16

Enunciado: Indica que clase de complemento aparece no predicado destas oracións.

- O ordenador realiza cálculos e controla operacións. CD
- A súa estrutura inclúe: microprocesador, memoria e dispositivos de entrada. CD
- Os buses permiten a comunicación. CD
- Un grupo de científicos e matemáticos crearon o primeiro ordenador dixital. CD

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica e diferencia, perfectamente, os complementos directos dos indirectos.	Identifica e diferencia, con bastante corrección, os complementos directos dos indirectos.	Identifica e diferencia, con dificultade, os complementos directos dos indirectos.	Non identifica nin diferencia os complementos directos dos indirectos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e diferencia os complementos directos dos indirectos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 7

Enunciado: Escribe oracións cos seguintes esquemas.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente oracións que segan un esquema sintáctico dado.	Comete menos de tres erros ao escribir oracións que segan un esquema sintáctico dado.	Comete tantos erros como acertos ao escribir oracións que segan un esquema sintáctico dado.	Comete máis erros que acertos ao escribir oracións que segan un esquema sintáctico dado.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e diferencia os complementos directos dos indirectos.

Competencias clave

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 8

Enunciado: Cal é a función do complemento indirecto?

Completar o verbo indicando sobre quen recae a acción.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece perfectamente a función do complemento indirecto.	Coñece, con bastante exactitude, a función do complemento indirecto.	Coñece, de xeito deficiente, a función do complemento indirecto.	Non coñece a función do complemento indirecto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece a función dos complementos directos e indirectos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia pra aprender a aprender

Actividade 9

Enunciado: Indica catro características que fan que o texto inicial non sexa un conto.

Non é unha narración completa con inicio, nó e desenlace. Non desenvolve unha soa acción que transcorre nun tempo determinado. Non ten un sentido instrutivo, intenta aconsellar ou presenta unha maneira de actuar ou ver a vida. Non utiliza unha linguaxe coloquial Non existe un protagonista máis débil que se vala dunha astucia ou dun engado para burlar ao máis forte. Non predomina a narrativa con diálogo.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Razoa, coa axuda de catro argumentos a clasificación dun texto como conto ou non.	Razoa, coa axuda de tres argumentos a clasificación dun texto como conto ou non.	Razoa, coa axuda de dous argumentos a clasificación dun texto como conto ou non.	Non razoa, coa axuda de argumentos a clasificación dun texto como conto ou non.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Obtén información dun texto.

Recoñece os contos e as súas características.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 20

Enunciado: Como relatarías o momento no que se puxo en funcionamento o primeiro ordenador?

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre relata feitos con coherencia nos textos, secuenciando as ideas e seguindo as normas ortográficas.	Case sempre relata feitos con coherencia nos textos, secuenciando as ideas e seguindo as normas ortográficas.	Cústalle relatar feitos con coherencia nos textos, secuenciar as ideas e seguir as normas ortográficas.	Non relata feitos con coherencia nos textos, non secuencia as ideas nin sigue as normas ortográficas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega correctamente as minúsculas nos seus escritos.
Relata feitos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia para aprender a aprender
Competencias sociais e cívicas